



Xustificación da modificación do calendario de aprobación do Orzamento ORZAMENTO 2024

**ORZAMENTO 2024**

**Asunto: Alteración do calendario de aprobación definitiva do Orzamento do Grupo Concello de Vigo, pasando do día 28 a 27 de decembro**

O calendario aprobado pola Comisión Informativa de tramitación e aprobación do Orzamento, en relación co mes de decembro, era o seguinte:

**Decembro**

Remate da exposición ao publico: 19/12

Contestación de alegacións, data límite: 20/12

Convocatoria Comisión Informativa de orzamentos e Facenda Ditame aprobación definitiva: 20/12

Xuntanza da Comisión informativa: 22/12

Convocatoria do Pleno: 22/12

Pleno da Aprobación definitiva: 28 /12

Publicación aprobación definitiva no BOPP: 29/12

**Hora de remisión do Edicto para garantir a Publicación da aprobación definitiva no BOPP o 29/2022.**

Segundo as instrucións de funcionamento en relación coa remisión de edictos para a súa publicación ao día seguinte da súa remisión, está limitada até as 12 horas, de non ser así, non se podería producir a publicación o día seguinte.

En relación co expediente 80/142, de proxecto de Orzamentos para o ano 2024, o Pleno de aprobación definitiva, segundo o calendario aprobado, estaba para o día 28 e a súa publicación o día 29 de decembre.

Ante a posibilidade de que o Pleno non remate antes das 12 horas, e imposibilite a remisión do Edicto antes das 12 horas do día 28 para a súa publicación o día 29 de decembro, tería como consecuencia real, que a súa publicación non se produciría até o día 2 de xaneiro de 2024, o cal obrigaría a unha prórroga orzamentaria, xa que a Entidade sempre terá un Orzamento en vigor, ou ben o aprobado e publicado, ou o prorrogado, neste caso, o día 1 de xaneiro, entraría automaticamente a prórroga orzamentaria.

Ademais, tampouco se poderían facer os traballos de carga técnica do Orzamento ao ano 2024 durante os últimos días de decembro por non estar aprobado, e o que procedería tanto legal como tecnicamente, sería a prórroga do Orzamento do ano 2023 coas limitacións contidas no artigo 169.6 do TRLRFL e 21 do RD 500/1990.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2023 07:58	Páxina 1 de 2
80-142	CSV: AHA939-E7D335-21D482-J2M1DV-GJVGG5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Xustificación da modificación do calendario de aprobación do Orzamento ORZAMENTO 2024**

**Efectos de non ter aprobado e publicado o Orzamento dentro do ano 2023.**

A motivación ten o seu fundamento na necesidade de que o Orzamento estea aprobado definitivamente e publicado dentro do ano para a súa entrada en vigor, o 1 de xaneiro do ano 2024.

O artigo 169.6 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que, si ao iniciarse o exercicio económico no houberse entrado en vigor o orzamento correspondente, se considerará automaticamente prorrogados o do ano anterior...

Esta prórroga, si fose o caso de non ter aprobado e publicado o Orzamento dentro do ano 2023, afectaría a todos os investimentos en execución, xa que non son prorrogables o créditos para investimentos, polo que, quedarían sen cobertura orzamentaria os proxectos en execución que teñan a súa anualidade no proxecto orzamentario do ano 2024. Tampouco terían recursos aqueles que teñan financiamento afectado. Así mesmo, tampouco poderían ser obxecto de prórroga o acordo vixente para a actualización dos salarios dos empregados públicos, sempre e cando se produza a aprobación dun Real Decreto Lei que aprobe a actualización con entrada en vigor dende o 1 de xaneiro do ano 2024, e con carácter xeral, tampouco serían prorrogadas as subvencións, polo que, unha situación de prórroga, que é un escenario excepcional, afectaría negativamente ao funcionamento ordinario da Entidade.

Estas son as causas e efectos polas que é necesario alterar o calendario de aprobación do Orzamento do Grupo Concello de Vigo, pasando a sesión plenaria do día 28 ao 27 de decembro, garantindo deste xeito, que a publicación vaise facer o día 29 de decembro, último día de publicación do BOPP do ano 2023 evitando así, que entre en prórroga o Orzamento do ano 2023.

**Calendario definitivo de decembro**

Remate da exposición ao publico: 19/12

Contestación de alegacións, data límite: 20/12

Convocatoria Comisión Informativa de orzamentos e Facenda Ditame aprobación definitiva: 20/12

Xuntanza da Comisión informativa: 21/12

Convocatoria do Pleno: 22/12

Pleno da Aprobación definitiva: 27 /12

Publicación aprobación definitiva no BOPP: 29/12

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/12/2023 07:58	Páxina 2 de 2
80-142	CSV: AHA939-E7D335-21D482-J2M1DV-GJVGG5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		